

BANDO MUNICIPAL

Expediente: 274/2022

O SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DO PEREIRO DE AGUIAR.

FAI SABER:

Resolución na Xunta de Goberno Local de data 9/02/2022 do expediente Nº 274/2022, na que se ESTABLECEN AS SEGUINTE MEDIDAS EN RELACIÓN CO SERVIZO DE RECADACIÓN:

Primeiro.- A oficina de recadación para calquera xestión que os administrados queiran pódense facer telefonicamente, sendo os teléfonos de contacto do Servizo de Recadación os seguintes: 988 22 62 14 - 988 25 93 85

Fixa-lo período voluntario para o cobro dos recibos de **IBI Urbana e IBI Rústica** dende o día **20 de xuño ao 22 de agosto de 2022**, ambos inclusive.

Fixa-lo período voluntario para o cobro dos recibos de **Bices** dende o día **20 de xuño ao 22 de agosto de 2022**, ambos inclusive.

Terceiro.- Apróbanse as condicións para o fraccionamento en dous prazos do imposto de bens inmobles de natureza urbana (IBI Urbana).

Condicións:

- ▶ Figurar domiciliados ditos recibos antes do inicio do período de cobranza (20 de xuño de 2022).
- ▶ **Fraccionaranse en dous prazos os recibos de cuantía igual ou superior a 50,00 €.**
- ▶ No caso de devolución do primeiro pago do fraccionamento do recibo perderase o dereito de fraccionamento do segundo pago (teríase que abonar en ventanilla ou por transferencia bancaria).
- ▶ **Establécese a orde de cargo en conta do primeiro recibo en xullo de 2022 e do segundo recibo en novembro de 2022.**

- ***RECORDASELLES: QUE OS RECIBOS DE IBI URBANA 2022 DOMICILIADOS CON IMPORTE CARGADOS EN CONTA EN DOUS PRAZOS (A METADE EN XULLO E A OUTRA METADE EN NOVEMBRO DE 2022, EN NINGÚN CASO VARÍA O TOTAL DA CONTÍA DO DITO IMPOSTO NIN XERA XUROS POR DITO FRACCIONAMENTO***

Cuarto.- No caso de **AUTOLIQUIDACIÓNS**, os administrados deberán comunicarse telefonicamente coa oficina de Recadación, que lles facilitará o recibo para proceder ao seu pago.

Quinto.- Os pagos dos tributos e prezos públicos municipais farase mediante transferencia bancaria ou nos caixeiros automáticos das Entidades Colaboradoras (ABANCA). No caso de escoller a transferencia bancaria a oficina de recadación facilitará o IBAN da conta de Recadación onde deben realizar os ingresos.

En O Pereiro de Aguiar, a 7 de xullo de 2022.
O Alcalde, documento asinado dixitalmente

